

## **DECLARACIÓN DO CES-GALICIA SOBRE O TRASLADO DO INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA (IEO)**

En Galicia, con 1.659 km de costa, o mar forma parte da nosa identidade social e configúrase coma un dos motores da nosa economía. Segundo os datos publicados pola Xunta de Galicia, os sectores extractivo, acuícola e transformador de produtos do mar supoñen en Galicia o 52% do emprego total pesqueiro en España e o 10% no conxunto da UE. Á vez, a produción extractiva galega anual supón, en termos de valor, o 15% da UE, con máis de 4.400 barcos pesqueiros e 2.600 granxas de acuicultura. Estas actividades crean máis de 10.600 empregos directamente relacionados coa pesca e 6.000 coa acuicultura. O intenso desenvolvemento dos devanditos sectores nos último anos viuse beneficiado polos avances desenvolvidos en distintas áreas tanto da explotación sustentable dos recursos pesqueiros e acuícolas (coñecemento da fisioloxía dos organismos cultivados, os descubrimentos no control das súas enfermidades, o estudo dos recursos biolóxicos mariños, os avances na xestión pesqueira, o estudo dos modelos biolóxicos mariños...), como na conservación do medio mariño (observación oceánica estudo e seguimento dos efectos do cambio climático no ecosistema mariño-costeiro, a ecotoxicoloxía mariña) todos eles desenvolvidos nos distintos centros de investigación que se atopan na área de Vigo que constitúe un auténtico polo interdisciplinar de referencia a os niveis local, estatal e internacional na xeración de coñecemento do mar.

A presenza da sede do Instituto Español de Oceanografía (IEO) en Vigo, en colaboración coa da Coruña e cos centros oceanográficos de Portugal e doutros Estados e entidades internacionais, contribúe significativamente a desenvolver unhas sinerxias entre todas as organizacións adicadas á investigación mariña que xa teñen presenza na cidade (Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo, Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, Axencia Europea para o Control da Pesca, Centro Tecnolóxico do Mar e Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro), facilitando os avances das ciencias mariñas, garantindo unha pesca sustentable e situando o sector do mar como un sector estratéxico para a economía e o emprego en Galicia.

Os centros do IEO radicados en Galicia están entre os de maior tamaño de todos os do Estado. Neles traballan máis dun cento de persoas que desenvolven un gran esforzo investigador no ámbito pesqueiro e acuícola, convertendo estes centros nos que teñen unha maior traxectoria neste campo e facendo que esta comunidade e os seus centros do IEO sexan idóneos para acoller a sede permanente de investigacións pesqueiras e/ou acuicultura do Instituto Español de Oceanografía.

Vigo é un importante polo de investigación mariña no que participa o propio IEO, xunto co CSIC, a Universidade e outras administracións galegas aglutinados todos arredor do Campus do Mar, o que fai que Galicia esté presente nas estratexias e iniciativas mariñas máis importantes: Décadas dos Océanos (Nacións Unidas), o Blue Growth (APV) e o Plan de Acción Atlántico (Comisión Europea), o Centro de Investigación Atlántica (ETEA), a Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 de Galicia, a Estratexia conxunta de especialización da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (EGNP), RIS3T...

En todo caso, a capacidade de traballo e achega positiva do labor do IEO depende en boa maneira do seu sustento económico e organizativo, cuestión clave que levan demandando tanto o persoal coma o Goberno e o Parlamento de Galicia. Xa que logo, e con carácter paralelo á cuestión da radicación das sedes das áreas de investigación ou da propia sede da institución oceanográfica, faise necesario o desenvolvemento dunha planificación de recuperación estrutural do Instituto, cuestión sen a cal o seu labor carecería de futuro.

Por todo elo, o Consello Económico e Social de Galicia MANIFESTA:

Diante da decisión adoptada polo Goberno español que deixa a Galicia sen a demandada sede das áreas de investigación do IEO en Vigo e A Coruña, o CES Galicia súmase á voz unánime de todo o sector do mar e do conxunto da sociedade galega para reclamar do Goberno do Estado unha rectificación e que Galicia albergue as sedes de pesqueiras e acuicultura do Instituto Español de Oceanografía polo importante labor científico que os Centros Oceanográficos de Vigo e A Coruña levan desenvolvendo ao longo dos anos.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

*Declaración aprobada por unanimidade pola Comisión Permanente do CES-Galicia na súa sesión do 9 de maio de 2022*